



ACTA DA CONCESIÓN DO
II PREMIO
AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ
DE NARRATIVA INFANTIL E XUVENIL
POLA IGUALDADE

Reunido na Sala de Xuntas do Instituto de Estudos Chairegos, sita na Casa da Cultura de Vilalba, o sábado, día 27 de outubro de 2018, o Xurado do II Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola Igualdade, convocado polo Instituto de Estudos Chairegos, o Concello de Vilalba e Edicións Xerais de Galicia, e formado por D^a María Reimóndez Meilán, D. Manuel Bragado Rodríguez e D^a Isabel Soto López,

Acordou por unanimidade outorgar dito **Premio** á obra titulada
UNHA MANTA RILLADA

presentada baixo o lema ou pseudónimo de
KHOEDI

Unha vez aberta a plica, resultou ser o/a autor/a
ROSA ANEIROS DÍAZ

ADENDA: Na plica, a autora manifesta que o título definitivo é: *“Tres bichiconas, dúas illas e unha serea”*.

O Xurado manifestou que esta novela infantil expresa a capacidade das crianzas para intervir en problemas sociais como a crise das persoas refuxiadas, utilizando a empatía e a comunicación interxeneracional como motores de transformación das vidas e da sociedade. Unha obra que dialoga con textos de Agustín Fernández Paz e reforza a idea do protagonismo de lectores e lectoras novos, non só como receptores de textos, reclamando a súa acción.

E para que así conste, asinan a presente acta no lugar e data anteriormente citados,

Asdo.: María Reimóndez

Asdo.: Manuel Bragado

Asdo.: Isabel Soto